

NOME DA ACTIVIDADE

- **Coñézote**

TIPO DE ACTIVIDADE

- **ACTIVIDADE DE PRESENTACIÓN**

NIVEL

- **A1/A2**

PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

- **EN PARELLAS**

DURACIÓN

- **ENTRE 20 E 40 MINUTOS**

CONTIDOS QUE SE TRABALLAN

- A comunicación oral.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que o alumnado aprenda a presentar a alguén en público.
- Que o alumnado adquira as destrezas para se comunicar de xeito completo algo partindo de esquemas.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Esta actividade consiste en completar unha ficha para que os alumnos se coñezan; con esa ficha poderemos recoller os primeiros datos para ir coñecendo aos participantes da clase e traballar algunhas fórmulas e preguntas cotiás.

O desenvolvemento é o seguinte: hai que completar a ficha cos datos dun compañeiro a través da formulación dalgunhas preguntas. Unha vez rematado este proceso cada un elaborará un pequeno texto para presentar ao seu compañeiro ao resto da clase.

MATERIAIS PARA A FICHA

Ficha 1 (Entrevista)

NOME (Como te chamas?): *Xabi*

PROFESIÓN (En que traballas? Onde traballas? Que é o que fas): *traballo nunha conserveira.*

DATA DE NACEMENTO (Cando naciches? En que data naciches?): *o 7 de marzo do 78.*

LUGAR DE NACEMENTO (Onde naciches? De onde es?): *nacín en Boiro; son de Boiro.*

AFECCIÓNS (Que che gusta facer no tempo libre? Cales son as túas afeccións preferidas?): *o que máis me gusta é andar en bici e ir ao cine.*

RESIDENCIA (Onde vives?): *vivo en Cabo de Cruz.*

Ficha 2 (Texto)

Este compañeiro **chámase**...

... traballa en / o seu traballo **consiste** en...

... **naceu** en... o día... / **ten** X anos...

... o que máis lle **gusta** facer... / as súas afeccións preferidas **son** ou a súa afección favorita é...

... Agora **vive** / e **vive** en... ou ...**ten** a súa residencia en...